

# ORIENTACIÓN PARA A INTERVENCIÓN EDUCATIVA CO ALUMNADO CON NEAE ASOCIADAS A ALTAS CAPACIDADES INTELLECTUAIS



Dentro do Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional contamos coas seguintes orientacións para a aula. Estas orientacións teñen que ser seleccionadas e adaptadas á cada materia, de xeito que cada profesor e profesora seleccione aquelas que máis se adapten a súa materia, ou lles conceda maior ou menor peso dependendo da súa programación e da súa consideración da mellor maneira de desenvolvela.

“A aula é o espazo por excelencia para a intervención educativa, na que se concretan as finalidades do proxecto educativo e na que ten lugar o proceso de ensinanza e aprendizaxe, nunha simbiose entre alumnado e profesorado. Para que este proceso se desenvolva de xeito adecuado e atenda as necesidades do alumnado con altas capacidades intelectuais é necesario que o profesorado:

- a. Potencie o diálogo e a comunicación, dedicando tempo na aula á reflexión oral - grupal e individual-, a facer preguntas, a formular hipóteses, etc., nun ambiente de respecto e colaboración, considerando o erro como parte esencial da aprendizaxe e xerando confianza para expoñer os pensamentos e opinións, dada a diverxencia no pensamento do alumnado con altas capacidades intelectuais.
- b. Respecte a diversidade de todo o alumnado, sendo coidadosos e coidadosas coas expresións usadas nas súas interaccións. En especial, que acepte o feito diferencial do alumnado con altas capacidades intelectuais como elemento enriquecedor do

grupo.

c. Fomente un bo clima de aula, consensuando normas e pautas de comportamento, empregando estratexias de cohesión de grupo e de resolución pacífica de conflitos.

d. Interveña ante os posibles prexuízos e/ou estereotipos que poidan xurdir na aula, evitando comparacións entre iguais e tendo en conta que cada alumno e cada alumna é singular.

e. Promova habilidades de intelixencia emocional para afrontar situacións que esixan a identificación, expresión e xestión das emocións, así como aquelas outras que requiran empatía, comunicación e comprensión das emocións das demais persoas.

f. Potencie o seu rol como mediador, favorecendo que o alumnado sexa protagonista da súa propia aprendizaxe.

g. Compaxine actividades propostas polo equipo docente con outras de libre elección do alumnado, apoiando a adquisición de estratexias de procura de información e de formulación de preguntas.

h. Posibilite o acceso do alumnado a múltiples materiais e fontes de información para que afonden, de xeito autónomo, nos temas do seu interese, e que lle ensine a planificar o seu traballo.

i. Impulse proxectos que potencien a creatividade e induza situacións de aprendizaxe nas que o alumnado poida enfrontarse a problemas aplicando orixinalidade, fluidez e flexibilidade, e logrando múltiples solucións.

j. Reforce a creatividade, o pensamento diverxente e a iniciativa emprendedora, valorando positivamente o seu esforzo e recoñecéndoo expresamente.

k. Facilite experiencias que favorezan a abordaxe de retos intelectuais complexos.

l. Promova a motivación intrínseca con aprendizaxes prácticas, útiles, funcionais e con impacto real na súa contorna.

m. Ofreza posibilidades de éxito ao alumnado en base ao desenvolvemento das súas potencialidades.

---

### *Avaliación*

---

Cando se trate de avaliar o nivel de competencia curricular do alumnado con altas capacidades intelectuais é conveniente ter en conta que:

1. Debe ter os mesmos referentes ca o resto do alumnado. É dicir, esa avaliación estará orientada ao que dispoñan os decretos do currículo das distintas ensinanzas para o curso correspondente, agás que se trate de alumnado con altas capacidades intelectuais co currículo adaptado (adaptación curricular).

2. A avaliación das competencias clave debe considerar, igual ca no resto do alumnado, as súas especificidades, que no caso de alumnado con alta capacidade intelectual, poden resumirse, con carácter xeral, no seguinte:

a. Comunicación lingüística (CCL). O alumnado con alta capacidade ,intelectual adoita ter un amplo vocabulario, unha grande capacidade de argumentación e gusta de lecturas cun nivel de comprensión elevado. Igualmente, ten gran imaxinación e fantasía.

b. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT). O alumnado con alta capacidade intelectual goza resolvendo problemas que lle supoña un desafío e acostuma a percibir rápido as relacións entre feitos; é observador, orixinal e

con predisposición a xerar diferentes estruturas de pensamento; formula principios e xeneralizacións con facilidade; aplica coñecementos dunha área ou materia a outra con moita facilidade; gústalle inventar; etc.

c. Competencia dixital (CD). O alumnado con alta capacidade intelectual adoita ter unha gran competencia nas tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), xa que, en moitos casos, usa as redes tecnolóxicas como fonte de información para aprender

temas que son do seu agrado.

d. Aprender a aprender (CAA). O alumnado con alta capacidade intelectual adquire con facilidade conceptos novos e tenta dar sentido ás cousas, ademais posúe unha gran curiosidade intelectual que debe ser satisfeita.

e. Competencias sociais e cívicas (CSC). O alumnado con alta capacidade intelectual está moi preocupados polas desigualdades e as inxustizas, é crítico co mundo e a contorna na que vive, gústalle explicar os seus coñecementos a compañeiros e compañeiras, adoita preguntar e cuestionar as verdades asentadas, é moi crítico e conta cun sentido do humor peculiar, que pode non ser comprendido.

f. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE). O alumnado con alta capacidade intelectual goza facendo as cousas de xeito innovador e ten iniciativa por aprender todo o que lle atrae.

g. Conciencia e expresións culturais (CCEC). O alumnado con alta capacidade intelectual ten respecto polo patrimonio material e inmaterial e goza con todas aquelas temáticas da súa preferencia.

Polo tanto, estas especificidades deberán tomarse en conta á hora de escoller os instrumentos de avaliación máis axeitados para determinar as cualificacións deste alumnado.

3. Os instrumentos de avaliación deben permitir, igual ca no resto do alumnado, expresar todo o potencial de aprendizaxe, polo que serán necesarias tarefas que promovan a creatividade, a imaxinación, o pensamento diverxente, etc.

4. As tarefas desenvoltas para a avaliación deben, en sintonía coas rúbricas dos estándares de aprendizaxe, permitir distintos graos de complexidade e/ou de afondamento.

5. Se teña en consideración (valor) a diversidade de opinións, a variedade de alternativas, as ideas innovadoras, os interrogantes sobre a realidade, etc.

6. Se promova a autoavaliación, onde se contemple a colaboración entre o alumnado e o compromiso coa aprendizaxe do grupo.”